

O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega,
Xosé María Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez (eds.)

Ánxela Gracián

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GRACIÁN, ÁNXELA (2011 [2003]). “*O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega*, Xosé María Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez (eds.)”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 146-149. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/898>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GRACIÁN, ÁNXELA (2003). “*O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega*, Xosé María Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez (eds.)”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2003, 146-149.

* Edición dispoñíbel desde o 9 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega

Xosé María Álvarez Cáccamo / Marisa Núñez (ed.)

A Coruña: Espiral Maior

ÁN XELA GRACIÁN

Esta escolma da poesía infantil galega, publicada por Espiral Maior e realizada por Xosé María Álvarez Cáccamo (poeta, narrador, crítico literario e catedrático de Literatura) e Marisa Núñez (escritora especializada en Educación Infantil, autora de títulos de literatura para nenos e codirectora da colección “Demademora” da editorial Kalandraka), supón a aparición no mercado dun texto elaborado con frescura, xogo e liberdade, dentro dun espazo, o da poesía para os máis novos, tan esquecido polas nosas editoriais.

A escolla foi realizada seguindo unha concepción da literatura infantil como aquela que tamén poden ler os nenos, concepto que acuñou o escritor catalán Joles

Senell. Este criterio pretende rachar os guetos e os tópicos á hora de analizar unha obra infantil, ampliando o marco de recepción a calquera tipo de idade.

Tendo en conta esta concepción aberta, os poemas escollidos responden a un criterio de facilidade e caracterízanse pola súa musicalidade interna, o uso de reiteracións, estruturas paralelísticas cunha función lúdica e mnemotécnica, aliteracións, rimas rotundas, metros básicos, xogos de palabras, etc., tanto aqueles creados especificamente para os nenos como aqueloutros que, aínda sen ter como destinatarios a xente miúda, non revisten unha complexidade formal e semántica que lle impida a un lector infantil comprendelos.

Alén dos textos seleccionados, os autores achegan tamén unha batería de actividades complementarias orientada a profesores e pais, con fins didáctico-lúdicos, vehiculada a través de xogos de palabras, de roda ou de eco, recitacións memorísticas, lecturas dramatizadas, análises formais e semánticas, atención aos sentimentos que os poemas suscitan, toma de contacto cos conceptos de identidade, contraste, etc.

O libro reúne cen textos moi diversos, organizados cun criterio temático-xenérico que deu como resultado unha estrutura editorial articulada en cinco núcleos: o mundo animal, os fenómenos naturais, os espazos habituais da vida cotiá do neno, o ámbito de xogos e festas, e certa narratividade de raigaña lendaria e fabuladora que revela a subxectividade simbólica e o protagonista infantil.

Os poemas de cada apartado foron ordenados seguindo o fio cronolóxico da súa publicación, ofrecéndonos así unha visión panorámica de orde histórica.

O recanto dedicado ao folclore tradicional é froito dun desexo por presentar unha visión ampla de pezas representativas da poesía oral, cuxo receptor era xa na súa xénese o público infantil e coa que este sempre se sentiu moi identificado. Así, temos cantigas de berce, adiviñas, panxoliñas, rimas con función lúdica e festiva, cantilenas de botar sortes, de individualizar os órganos do corpo, de bater coas mans, cancións de roda e de corda, pequenos romances rimados, aguiñaldos, cancións sobre o tempo, invocacións, prognósticos, consellos, xogos de sorte, contos rimados, etc.

Dentro do apartado constituído polos autores encadrados propiamente no ámbito infantil e seguindo unha orde cronolóxica, o libro comeza cunha mostra da produción de Emilio Pita Romero (A Coruña, 1909-Buenos Aires, 1981), autor do libro *Cantigas de nenos*, publicado no exilio en 1942 e primeira achega canónica do xénero. Algúns dos textos que os antólogos escolleron resultan moi suxestivos ao introduciren o elemento simbólico e o abstracto, a través dunha escrita ategada de imaxes de grande expresividade e anegamento sensorial. Refríome a poemas como “Cantiga do lagarteiro”, “Cantiga do mazarico” ou “Lilas lilailas” nos cales a utilización da propia capacidade evocadora dos sons da linguaxe é admirable.

Seguindo a orde cronolóxica, atopamos as irmás Dora e Pura Vázquez (Ourense, 1913 e 1918, respectivamente), cunha achega da obra *Ouriolos neneiros*, “composicións nas que lles interesa xogar poeticamente coas palabras e crear imaxes modernas adaptadas ao público infantil”, como sinala Blanca-Ana Roig Rechou no seu estudo *A poesía infantil e xuvenil en Galicia* (2000). O poema “Conto de lobos”, seleccionado para a antoloxía, caracterízase pola presentación dunha visión elegante e ao mesmo tempo voraz e instintiva deste animal con tanto peso no mundo dos nosos seres míticos.

Seguidamente atopamos varias mostras moi representativas da proposta poética de Manuel María

(Outeiro de Rei, 1929), pertencentes ás obras *As rúas do vento ceibe* (1978) e *Os soños na gaiola* (1968), que reflicten a vida no mundo rural, os animais máis familiares —o burro manso, neste caso—, as festas, as profesións e os elementos da natureza, sempre cunha linguaxe moi accesible, unha simplicidade formal e unha métrica axeitada para a lectura e a memorización.

De Xosé Neira Vilas (Gres, 1928) e de Anisia Miranda (Camagüey, 1932) —autores que teñen publicado obras conxuntamente, se ben tamén son sobradamente coñecidos polos seus textos de autoría individual—, a antoloxía recolle pezas da obra *Cantarolas* (1995), composicións de tradición oral que xa saíran no semanario infantil *Axóuxere*.

Finalmente hai unha escolla de autores, pertencentes xa a un período de consolidación da literatura infantil (1980-2000), que intentaron un achegamento a formas poéticas máis actuais como son a introdución de figuras, imaxes novas, desatinos, sonorizacións, cambios de vogais, repeticións etc., sempre desde unha forma moderna e lúdica de ver o mundo. É o caso de Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932), que chegou inicialmente á poesía infantil a través da recollida de textos populares aos que lles conferiu unha reinterpretación atrevida e intelixente, incorporando valores do mundo da xustiza social. Curiosamente a mostra do libro que aparece non pertence á súa poesía infantil senón á obra *Profecía do mar* (1966), libro que supón unha homenaxe ao mar.

Dentro desta mesma xeración destacan tamén dous autores, Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949) e Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940), poetas ambos os dous coñecidos tamén pola súa obra para adultos, e grandes renovadores pedagóxicos que publicaron nos seus comezos *Cantan os nenos* (1983), libro do que se escolleron algúns dos textos desta antoloxía. Helena Villar ten deixado constancia tamén da necesidade de fornecer o mercado de material pedagóxico axeitado, debido ao pouco material que ata ese momento se coñecía en galego e este libro, composto para os seus fillos, pronto adquiriu outro camiño. A súa obra *A campá da lúa*, homónimo dun dos últimos poemarios publicados pola autora en Xerais, foi musicada polo Grupo de Cámara da Universidade de Santiago de Compostela. A autora resultou tamén gañadora do certame Arume (único certame galego de poesía infantil) convocado pola Fundación Xosé Neira Vilas (vén ao caso dicir que outro autor gañador deste certame na súa primeira edición foi o propio antólogo Álvarez Caccamo, que tivo a elegancia de non presentarse a si mesmo no libro cando é tamén un poeta moi destacable neste ámbito).

Os restantes poemas seleccionados son da autoría dunha serie de poetas dados a coñecer a partir da aparición de novas editoriais e premios literarios. É o caso de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), poeta que se caracteriza polo mantemento do canon clásico da poesía

infantil, elaborando os poemas con referencias e intertextos doutros poetas. Un exemplo emblemático disto é o libro *Na fogueira dos versos* (1996), poemario co que gañou o premio Merlín dese mesmo ano, co que entrou a formar parte na lista de Honra do IBBY (1996-1997) e que mereceu o XIVº Premio Internacional Pier Paolo Vergerio (1998), da Universidade de Padua, primeira vez que unha obra galega acadaba este galardón. A obra escollida para a antoloxía que comentamos é *Lueiro de papel* (1995), poemario no que a lúa é sempre a protagonista. O texto seleccionado “Un rato díxolle á lúa” cóntanos a dolorosa situación dun roedor humilde condenado á vida de encerro por mor dos desaires do astro da noite. O poema conclúe coa finalización de tal paixón por razóns pragmáticas e, supoñemos, coa recuperación da liberdade física e espiritual.

É tamén o caso de Gloria Sanchez (Vilagarcía, 1958), gran renovadora da poesía infantil a través da introdución nos seus textos dun humor e dunha sensibilidade de pouso surrealista. Os xogos de palabras e situacións divertidas e absurdas, coas que conecta de cheo co mundo infantil, son habituais entre os recursos desta coñecida escritora. Os textos de Gloria Sánchez seleccionados por Cáccamo e Núñez pertencen ao libro *Bichos con gaseosa* (1992), poemario composto por vinte composicións nas que se fala das características e costumes doutros tantos animais moi próximos á infancia.

Finalmente, a obra publicada por Espiral Maior presenta un texto de Fran Alonso (Vigo, 1963), mostra tirada do seu libro *Cidades* (1997) co que obtivo un accésit no Premio Lazarillo de 1996. *Cidades* ten a honra de ser o primeiro poemario explicitamente ideado para adolescentes publicado en lingua galega. Nel percórrense poeticamente as cidades a través de composicións que recollen unha visión anovadora do ámbito urbano como espazo axeitado para unha visión poética da vida.

Na antoloxía inclúense autores non encadrados habitualmente no xénero lírico, como é o caso de Xabier P. Docampo, autor do poema *Lembranza da chegada á vida de Dinís Graña Fernández* escrito en 1992 para celebrar o nacemento do fillo de Carmín e Bernardino.

Dentro dos autores de poesía especificamente infantil cómpre salientar que, a pesar de que a antoloxía posúe un criterio evidenciado e xustificado polos autores no prólogo da obra, se rexistran, no entanto, ausencias rechamantes de poetas con dilatada dedicación a ese ámbito, como é o caso de Ana María Fernández, gañadora do Premio Lazarillo co libro *Amar e outros verbos*, ou de Xoán Babarro, entre outros.

Dentro dos escritores do mundo adulto figuran dous dos grandes do século XIX: Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez. Os dous poemas que se achegan da autora de *Follas novas* teñen o mérito de poñer en valor textos esquecidos por parte dos críticos, ademais de conectaren totalmente coa lírica tradicional oral de comezos do século anterior. Cómpre lembrar neste punto as declaracións de Juan Naya, en tempos bibliotecario da

Real Academia Galega e bo coñecedor das miudezas da familia Murguía de Castro, quen deixou escrito que, entre as obras perdidas da autora de Padrón, había un prego con textos da tradición oral infantil que incluían refráns, contos rimados e cantigas de berce. A escolla destas pezas por parte da autora merece tamén unha reflexión, pois ambos textos fan referencia a un mundo de perseguidores e perseguidos, verdugos e vítimas que posiblemente calaban fondo no espírito magoado da escritora. O poema de Curros é o coñecido *Maio*, mostra da poesía cívica, comprometida e revolucionaria do autor.

O resto dos poetas conforman un número de vinte e seis autores que van completando o panorama das xeracións poéticas desde 1863 —data da publicación de *Cantares gallegos*, libro ao que pertencen os dous poemas máis antigos, se exceptuamos os de orixe tradicional— ata 1993, ano en que se publicou *O sol entre os dedos* de Xulio López Valcárcel. O elenco estaría conformado polos seguintes nomes: Noriega, Cabanillas e Xerardo Álvarez Limeses da xeración de entre dous séculos; Luís Manuel Acuña, Johán Vicente Viqueira, Amado Carballo e Blanco Amor como representantes das vangardas; Pimentel, Aquilino e Cunqueiro, con textos a cabalo entre o surrealismo, o paisaxismo e un neotrobadorismo moi persoal, respectivamente. Respecto do escritor de *Sombra do aire na herba*, vén ao caso indicar que conservamos testemuños da existencia dun texto especificamente destinado para nenos que non chegou a publicarse, e así o lembrou Ramón Piñeiro nunha carta dirixida a Francisco Fernández del Riego datada en Lugo o día 19 de setembro de 1949. Tamén cómpre indicar que nos pareceu moi afortunada a escolla do poema do autor lugués, “O enterro do neno pobre”, unha das poucas composicións que pode chegar aos rapaces o mundo da guerra civil española; Celso Emilio, con textos dos libros *O soño sulagado* (1955), *Onde o mundo se chama Celanova* (1975) e *Viaxe ao país dos ananos* (1968), este último dificilmente encadrable dentro das premisas anteriormente citadas que identifican a unha obra infantil; Eliseo Alonso e os irmáns Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, con textos significativos dentro dun neotrobadorismo moi persoal que procura, por medio da eliminación do elemento narrativo, que as imaxes e as combinacións de sons constrúan o poema; Xosé Díaz Jácome, Manuel Casado Nieto; Luz Pozo, Antón Tovar e Cuña Novás; Novoneyra, González Garcés, Cesáreo Sánchez Iglesias, Vicente Araguas, Xoán Manuel Casado e Xulio Valcárcel; hai que salientar tamén a presenza de tres autores de menor sona como Xulio Sigüenza, Cipriano Torres Enciso ou Carlos Rivero. A elección da cantiga de berce deste último autor non resultou, na nosa opinión, demasiado afortunada pois resulta un texto inzado de imaxes de merengue, chocolate e azucre, candoroso de máis por moito que estea destinado a un público afeccionado ás lambetadas.

A agrupación dos textos en cinco seccións sérvelle ao ilustrador, Manuel Pizcueta, para facer un modes-

to traballo de sutil lirismo e delicado toque de humor figurativista. Cinguido ao bitón —agás a portada—, crea imaxes que fan referencia aos poemas que integran cada núcleo. Os seus debuxos amosan un xogo de perspectiva e claroscuro e poñen de manifesto o seu coñecemento da sensibilidade infantil.

En conclusión, hai que dicir que *O libro dos cen poemas* significa unha ventá aberta aos tesouros da

poesía para os máis novos, a redescuberta de poemas e poetas esquecidos, a posta en valor do traballo de autores inxustamente silenciados nas recollas poéticas xeracionais (silencio moitas veces motivado por prexuízos cinguidos á análise dos textos infantís) e a inclusión neste ámbito de obras polo de agora non clasificadas como adecuadas para os máis pequenos. ■